



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

X legislatura
Número 388
23 de novembro de 2018



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.5. Proposicións de lei de iniciativa popular

Debate de non toma en consideración

■ 19044 (10/PPLI-000003)

Comisión promotora

Proposición de lei de iniciativa legislativa popular para a protección e mellora dos hábitats de bosque autóctono, a racionalización da xestión do monte e a loita contra os incendios forestais [131698](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

Rexeitamento da iniciativa

■ 40031 (10/MOC-000112)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en materia de vivenda. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 35115, publicada no BOPG nº 352, do 05.09.2018, e debatida na sesión plenaria do 06.11.2018) [131698](#)

■ 40050 (10/MOC-000113)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa Rede galega de atención temperá. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 38782, publicada no BOPG nº 375, do 24.10.2018, e debatida na sesión plenaria do 06.11.2018) cada no BOPG nº 352, do 05.09.2018, e debatida na sesión plenaria do 06.11.2018) [131698](#)

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

Aprobación con modificacións

■ 30032 (10/PNP-002210)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e oito deputados/as máis

Sobre o requirimento polo Goberno galego aos concellos de Ferrol e Pontevedra da realización dos trámites necesarios para a posta en marcha, o máis axiña posible, do servizo de transporte urbano

[131699](#)

I 39685 (10/PNP-002961)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García Míguez, María Ángeles e trece deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en materia de violencia de xénero. (Procedemento de urxencia)

[131699](#)

Aprobación por unanimidade con modificacións

I 33233 (10/PNP-002513)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para protexer as vítimas de violencia de xénero, menores e testemuñas nas dependencias xudiciais

[131700](#)

Aprobación por unanimidade sen modificacións

I 29816 (10/PNP-002188)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a implantación e aplicación polo Goberno galego das medidas normativas e regulamentarias necesarias para evitar, a partir do curso 2018-2019, a exixencia polos centros escolares de uniformes diferentes para cada sexo

[131700](#)

Rexeitamento da iniciativa

I 23492 (10/PNP-001703)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para combater a violencia de xénero contra as mulleres maiores de sesenta e cinco anos

[131701](#)

I 34769 (10/PNP-002615)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as actuacións que debe desenvolver a Xunta de Galicia pra mellorar a atención primaria no Servizo Galego de Saúde

[131701](#)

I 35217 (10/PNP-002628)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis

Sobre o incremento polo Goberno galego da contía destinada de xeito específico á prevención, tratamento e loita contra a violencia machista ata chegar, cando menos, ao 1 % do total no Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019

[131701](#)

I 39495 (10/PNP-002940)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa solicitude de aprobación da modificación puntual do Plan urbanístico do Concello de Mos para executar un proxecto deportivo e comercial nas parroquias de Tameiga e Pereiras [131701](#)

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión**COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO****Aprobación con modificacións****I 38811 (10/PNC-003112)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central respecto da orde definitiva para a tramitación referida aos suplementos territoriais en relación coas peaxes de acceso de enerxía eléctrica de 2013, os custos que se requiran para o cumprimento das sentenzas xudiciais na materia, así como o establecido nos artigos 16.4 e 17.6 da Lei 24/2013, do sector eléctrico [131702](#)

Aprobación por unanimidade con modificacións**I 39010 (10/PNC-003126)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Antón Vilasánchez, María Ángeles e dez deputados/as máis**

Sobre a continuación polo Goberno galego co afondamento na mellora e especialización da Vía da Prata como ruta preferente para os peregrinos a cabalo, a través do impulso, polo menos, dun albergue adaptado a esas características [131702](#)

I 39114 (10/PNC-003137)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir o mantemento dos centros produtivos e dos postos de traballo da empresa Alcoa en Galicia [131703](#)

I 39124 (10/PNC-003138)**Grupo Parlamentario de En Marea****Casal Vidal, Francisco**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co anuncio de peche da factoría de Alcoa na Coruña, así como as demandas que debe realizar ao Ministerio de Transición Ecolóxica respecto da industria electointensiva e a regulación do sector eléctrico [131703](#)

I 39528 (10/PNC-003174)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Tellado Filgueira, Miguel Ángel e oito deputados/as máis**

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego á Dirección da empresa pública Navantia para manter a carga de traballo en obra civil do estaleiro de Fene [131704](#)

Rexeitamento da iniciativa

I 37452 (10/PNC-003011)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel

Sobre o desenvolvemento polo Goberno galego dun plan de sistematización e transparencia na elaboración dos plans de inspección da Xunta de Galicia en materia de seguridade industrial, así como a realización dun plan específico de inspeccións extraordinarias daquelas instalacións que teñan presentado recorrentes problemas de seguridade industrial de calquera tipo [131705](#)

I 38502 (10/PNC-003076)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa intervención desenvolvida pola Axencia de Turismo de Galicia nun tramo do Camiño Primitivo, entre os lugares de Vilarlongo e Pedrafitelas, na Fonsagrada [131705](#)

I 39150 (10/PNC-003142)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre a remisión polo Goberno galego ao Parlamento de Galicia, con carácter trimestral, dun informe referido ás actuacións levadas a cabo para a celebración do Ano Xacobeo 2021 e aos investimentos necesarios nos Camiños de Santiago en peor estado de conservación [131705](#)

4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

I Corrección de erros na publicación, no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 374, fasc. 1, do 19 de outubro de 2018, do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019 [131706](#)

O Pleno do Parlamento, na sesión do 20 de novembro de 2018, adoptou os seguintes acordos:

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.5. Proposicións de lei de iniciativa popular

Debate de non toma en consideración

- 19044 (10/PPLI-000003)

Comisión promotora

Proposición de lei de iniciativa legislativa popular para a protección e mellora dos hábitats de bosque autóctono, a racionalización da xestión do monte e a loita contra os incendios forestais

BOPG nº 214, do 21.11.2017

Sometida a votación, obtense o resultado de 20 votos a favor, 37 votos en contra e 14 abstencións, polo que non se toma en consideración.

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

Rexeitamento da iniciativa

- 40031 (10/MOC-000112)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en materia de vivenda. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 35115, publicada no BOPG nº 352, do 05.09.2018, e debatida na sesión plenaria do 06.11.2018)

BOPG nº 383, do 14.11.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 34 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención.

- 40050 (10/MOC-000113)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa Rede galega de atención temperá. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 38782, publicada no BOPG nº 375, do 24.10.2018, e debatida na sesión plenaria do 06.11.2018)

BOPG nº 383, do 14.11.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 34 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención.

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

Aprobación con modificacións

- 30032 (10/PNP-002210)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e oito deputados/as máis

Sobre o requirimento polo Goberno galego aos concellos de Ferrol e Pontevedra da realización dos trámites necesarios para a posta en marcha, o máis axiña posible, do servizo de transporte urbano BOPG nº 299, do 03.05.2018

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, por 53 votos a favor, ningún voto en contra e 19 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a requirir daqueles concellos que teñen o deber de dispoñer de servizo de transporte urbano e que non o teñen aínda implantado —isto é, os concellos de Ferrol e de Pontevedra— que realicen cantos trámites sexan necesarios para a posta en marcha, coa maior brevidade posible, do transporte urbano ao que están obrigados, co obxecto de ofrecer máis e mellores servizos aos cidadáns, nomeadamente cara aos centros hospitalarios, e lograr así unha maior coordinación coa planificación do transporte que está a levar a cabo a Xunta.

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a desenvolver a coordinación necesaria con ambos os concellos coa finalidade de que, considerando a área metropolitana de ambas as dúas cidades, o servizo de transporte urbano e o metropolitano se configuren conxuntamente como un servizo eficiente para a cidadanía».

- 39685 (10/PNP-002961)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García Míguez, María Ángeles e trece deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en materia de violencia de xénero. (Procedemento de urxencia)

BOPG nº 380, do 06.11.2018

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, por 53 votos a favor, ningún voto en contra e 19 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que se dirixa ao Goberno do Estado para solicitarlle:

1. Levar a cabo as reformas lexislativas aprobadas e recollidas no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero coa máxima celeridade, apelando á vontade dos grupos parlamentarios para favorecer a súa aprobación.

2. Concretar a forma e o prazo sobre a formalización da distribución dos créditos correspondentes ao Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero tanto ás comunidades autónomas como ás entidades locais para o ano 2019.

3. Reactivar os seis grupos de traballo creados no seo da Comisión Técnica de Igualdade celebrada o 30 de novembro de 2017 con obxecto de coordinar as accións para desenvolver para a implementación das medidas prioritarias no ano 2018, coordinados pola Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero».

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 33233 (10/PNP-002513)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para protexer as vítimas de violencia de xénero, menores e testemuñas nas dependencias xudiciais

BOPG nº 338, do 19.07.2018

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 72 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Que se sigan levando a cabo, segundo a capacidade actual das infraestruturas en uso, aquelas reformas necesarias nas dependencias xudiciais galegas para evitar o cruzamento entre vítimas e agresores.
2. Que se consideren actuacións de modernización e evolución das tecnoloxías configurando a videoconferencia como un servizo básico nos termos previstos nas leis.
3. Que se habiliten, no marco da capacidade real en cada edificio xudicial, espazos axeitados nas dependencias xudiciais para os menores que teñen que acudir a procedementos xudiciais».

Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 29816 (10/PNP-002188)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a implantación e aplicación polo Goberno galego das medidas normativas e regulamentarias necesarias para evitar, a partir do curso 2018-2019, a existencia polos centros escolares de uniformes diferentes para cada sexo

BOPG nº 299, do 03.05.2018

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 72 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a implantar e aplicar todas as medidas normativas e regulamentarias pertinentes para que, a partir do seguinte curso escolar 2018-2019, todos aqueles centros educativos que decidan que o alumnado leve uniforme escolar, non obriguen a un código de vestimenta diferenciado por sexo entre alumnas e alumnos, considerando en todo caso a opción de que as alumnas poidan elixir acudir ao centro educativo con pantalón».

Rexeitamento da iniciativa

- 23492 (10/PNP-001703)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para combater a violencia de xénero contra as mulleres maiores de sesenta e cinco anos

BOPG nº 247, do 25.01.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.

- 34769 (10/PNP-002615)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as actuacións que debe desenvolver a Xunta de Galicia pra mellorar a atención primaria no Servizo Galego de Saúde

BOPG nº 349, do 31.08.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 33 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.

- 35217 (10/PNP-002628)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis

Sobre o incremento polo Goberno galego da contía destinada de xeito específico á prevención, tratamento e loita contra a violencia machista ata chegar, cando menos, ao 1 % do total no Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019

BOPG nº 352, do 05.09.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 33 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.

- 39495 (10/PNP-002940)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa solicitude de aprobación da modificación puntual do Plan urbanístico do Concello de Mos para executar un proxecto deportivo e comercial nas parroquias de Tameiga e Pereiras
BOPG nº 380, do 06.11.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 33 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2018

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

A Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, na súa sesión do 22 de novembro de 2018, adoptou os seguintes acordos:

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

Aprobación con modificacións

- 38811 (10/PNC-003112)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central respecto da orde definitiva para a tramitación referida aos suplementos territoriais en relación coas peaxes de acceso de enerxía eléctrica de 2013, os custos que se requiran para o cumprimento das sentenzas xudiciais na materia, así como o establecido nos artigos 16.4 e 17.6 da Lei 24/2013, do sector eléctrico
BOPG nº 375, do 24.10.2018

Sométese a votación por puntos co resultado seguinte:

— Puntos 1 e 2: aprobados por 10 votos a favor, 0 votos en contra e 2 abstencións.

— Punto 3: rexeitado por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

O texto aprobado, con modificacións respecto do texto orixinal, é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno do Estado:

1. Que exclúa Galicia da orde definitiva para a tramitación respecto dos suplementos territoriais para o exercicio 2013, por atentar contra as competencias galegas en materia de tributación ambiental e por seren contrarias para os intereses dos galegos e galegas e da nosa economía.

2. Caso de non prosperaren os recursos legais e políticos á aplicación dos suplementos territoriais, demandar do Estado a asunción de todos os custos que sexan requiridos para dar cumprimento a estas sentenzas, xa que foi una norma emitida polo Goberno central a causante destas.»

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 39010 (10/PNC-003126)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Antón Vilasánchez, María Ángeles e dez deputados/as máis

Sobre a continuación polo Goberno galego co afondamento na mellora e especialización da Vía da Prata como ruta preferente para os peregrinos a cabalo, a través do impulso, polo menos, dun albergue adaptado a esas características

BOPG nº 375, do 24.10.2018

Sométese a votación a transacción coa emenda do G. P. de En Marea doc. núm. 40687 e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Seguir afondando na mellora e especialización da Vía da Prata como ruta preferente para os peregrinos a cabalo a través do impulso, polo menos, dun albergue adaptado a estas características.
2. Elaborar un mapeo da Vía da Prata indicando os servizos existentes, públicos e privados, para a acollida dos peregrinos a cabalo, promovendo uns criterios de calidade que garantan o axeitado benestar animal.»

- 39114 (10/PNC-003137)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir o mantemento dos centros produtivos e dos postos de traballo da empresa Alcoa en Galicia

BOPG nº 375, do 24.10.2018

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia a realizar todas as accións necesarias encamiñadas a garantir os centros produtivos e os postos de traballo de Alcoa en Galicia, a comezar por:

1. Solicitar da multinacional a retirada do ERE de extinción de emprego.
2. Promover a constitución dunha mesa de negociación para loitar pola continuidade da empresa na que se dea participación ao cadro de persoal, entidades sociais e administración comprometidas coa súa permanencia.
3. Negociar un marco enerxético estable para a industria do noso país.»

- 39124 (10/PNC-003138)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co anuncio de peche da factoría de Alcoa na Coruña, así como as demandas que debe realizar ao Ministerio de Transición Ecolóxica respecto da industria electrointensiva e a regulación do sector eléctrico

BOPG nº 375, do 24.10.2018

Sométese a votación por puntos como segue:

Os puntos 1 a 4 (o punto 4 transaccionado coa emenda do G. P. dos Socialistas de Galicia doc. núm. 40677) resultan aprobados pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O punto 5, transaccionado coa emenda do G. P. dos Socialistas de Galicia, doc. núm. 40677, resulta rexeitado por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Os punto 6 resulta rexeitado por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Os puntos 7, 8 e 9 da emenda do G. P. de En Marea resultan rexeitados por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Realizar as actuacións necesarias ante Alcoa para que retire o ERE de extinción como primeira medida para reconducir a situación.
2. Desenvolver todas as accións necesarias para poñer en marcha de inmediato una mesa de negociación entre a empresa, os traballadores, os concellos afectados, a Xunta e o Goberno do Estado.
3. Instar o Ministerio de Transición Ecolóxica a convocatoria e execución inmediata da partida orzamentaria de 2018 de 150 millóns de euros para mellorar a viabilidade da industria electrointensiva.
4. Instar o Ministerio de Transición Ecolóxica a condicionar as axudas á industria electrointensiva á mellora tecnolóxica e ao mantemento do emprego.»

- 39528 (10/PNC-003174)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e oito deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego á Dirección da empresa pública Navantia para manter a carga de traballo en obra civil do estaleiro de Fene

BOPG nº 380, do 06.11.2018

Sométese a votación xunto coa emenda do G. P. dos Socialistas de Galicia doc. núm. 40685 e resulta aprobada pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado, con modificacións respecto do texto orixinal, é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse á dirección da empresa pública Navantia a continuar o esforzo no eido comercial para manter a carga de traballo en obra civil do estaleiro de Fene, xa sexa a través da eólica *offshore* como coa construción de buques civís e buques militares.»

Rexeitamento da iniciativa

- 37452 (10/PNC-003011)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel

Sobre o desenvolvemento polo Goberno galego dun plan de sistematización e transparencia na elaboración dos plans de inspección da Xunta de Galicia en materia de seguridade industrial, así como a realización dun plan específico de inspeccións extraordinarias daquelas instalacións que teñan presentado recorrentes problemas de seguridade industrial de calquera tipo

BOPG nº 365, do 03.10.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 38502 (10/PNC-003076)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa intervención desenvolvida pola Axencia de Turismo de Galicia nun tramo do Camiño Primitivo, entre os lugares de Vilarlongo e Pedrafitelas, na Fonsagrada

BOPG nº 371, do 16.10.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 39150 (10/PNC-003142)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre a remisión polo Goberno galego ao Parlamento de Galicia, con carácter trimestral, dun informe referido ás actuacións levadas a cabo para a celebración do Ano Xacobeo 2021 e aos investimentos necesarios nos Camiños de Santiago en peor estado de conservación

BOPG nº 378, do 31.10.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2018

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª

4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

Corrección de erros na publicación, no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 374, fasc. 1, do 19 de outubro de 2018, do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019

Advertido un erro na publicación citada, procédese á súa corrección nos seguintes termos:
Entre as páxinas 126111 e 126112 deben incluírse as dúas páxinas que se reproducen a seguir.

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2018

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado oficial maior



XUNTA DE GALICIA

Sistemas electrotécnicos e automatizados.

Sistemas microinformáticos e redes.

Supervisión e control de máquinas e instalacións do buque.

Primeiro curso

11.756,14

Segundo curso

13.411,92

Grupo 8. Ciclos formativos de:

Acondicionamento físico.

Actividades ecuestres.

Animación de actividades físicas e deportivas.

Animacións 3D, xogos e contornos interactivos.

Artista fallero e construción de escenografías.

Automoción.

Carpintaría e moble.

Carrozaría.

Conformado por moldeo de metais e polímeros.

Desenvolvemento de proxectos de instalacións térmicas e fluídos.

Deseño e amoblamento.

Deseño e edición de publicacións impresas e multimedia

Deseño e produción editorial.

Deseño e xestión da produción gráfica

Deseño en fabricación mecánica.

Eficiencia enerxética e enerxía solar térmica.

Electromecánica de maquinaria.

Electromecánica de vehículos automóbiles.

Ensinanza e animación sociodeportiva.

Escavacións e sondaxes.

Fabricación a medida e instalación de madeira e moble.

Guía no medio natural e tempo libre.

Iluminación, captación e tratamento da imaxe.

Imaxe.

Instalación e amoblamento.

Instalacións de produción de calor.

Instalacións frigoríficas e de climatización.

Mantemento aeromecánico.

Mantemento de instalacións térmicas e de fluídos.





XUNTA DE GALICIA

Pedra natural.

Producción de madeira e moble.

Producción en industrias de artes gráficas.

Producción por fundición e pulvimetalurxia.

Programación da produción en fabricación mecánica.

Programación da produción en moldeo de metais e polímeros.

Realización de audiovisuais e espectáculos.

Realización de proxectos de audiovisuais e espectáculos.

Redes e estacións de tratamento de augas.

Sistemas de telecomunicación e informáticos.

Sistemas de telecomunicacións e informáticos.

Son en audiovisuais e espectáculos.

Son.

Vídeo, Disc Jockey e son.

Xestión de augas.

Primeiro curso

13.818,29

Segundo curso

15.325,51

Grupo 9. Ciclos formativos de:

Acuicultura.

Construcións metálicas.

Cultivos acuícolas.

Desenvolvemento e fabricación de produtos cerámicos.

Fabricación de produtos cerámicos

Impresión gráfica.

Instalación e mantemento electromecánico de maquinaria e conducción de liñas.

Mantemento de equipo industrial.

Mantemento de material rodante ferroviario

Mantemento electromecánico.

Mantemento ferroviario.

Mecanizado.

Mecatrónica industrial.

Postimpresión e acabados gráficos.

Preimpresión dixital.

Preimpresión en artes gráficas.

Procesos de calidade na industria alimentaria.

Producción acuícola.

Soldadura e caldeiraría.



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR


2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727